

## 1. CONVOCATORIA

O Clúster Alimentario de Galicia é o organizador da cuarta edición dos Premios Galicia Alimentación. Premios ao emprendemento, cooperación, innovación e á internacionalización en 2018, para os que a organización contará con colaboradores e patrocinadores de carácter público e privado.

## 2. ESPÍRITO E OBXECTIVO

O obxectivo é contribuir a promocionar os produtos alimentarios e as bebidas, os proxectos e as empresas e institucións relacionados, mellorar a súa imaxe e posición de maneira que adquiren unha importancia relevante tanto dentro do sector alimentario, como da sociedade en xeral. Buscarase estimular aos diferentes elementos da cadea alimentaria na produción, transformación, distribución, utilización, coñecemento e consumo destes alimentos, así como, recoñecer o seu esforzo comercial, innovador e de desenvolvemento sustentable.

Valorarase a traxectoria empresarial ou asociativa, a transferencia de coñecementos tecnolóxicos e I+D nos produtos, así como nos procesos, que melloren a calidade de vida dos consumidores e a relevancia socioeconómica, o impacto no mercado nacional e internacional ou o carácter innovador dos mesmos.

## 3. CATEGORÍAS

Na cuarta edición premiaranse varias categorías:

- **Premio Galicia Alimentación ao produto innovador.** Dirixido a situar o sector alimentario galego como provedor de produtos alimentarios seguros, funcionais e de calidade diferenciada a través do desenvolvemento de novos produtos caracterizados pola súa innovación, o seu potencial comercial, o seu deseño, a súa posibilidade de agregar valor aos produtos galegos e en particular á adaptación ás demandas do consumidor, con especial atención á relación entre nutrición e saúde.
- **Premio Galicia Alimentación ao proxecto empresarial.** Proxecto innovador ou empresa de especial relevancia, destacada ou singular que se caracterice pola súa innovación en organización, produción e/ou modelo de negocio, que desenvolva produtos ou servizos innovadores no ámbito da cadea de valor dos alimentos e bebidas, incluíndo o desenvolvemento tecnolóxico cara á fábrica do futuro 4.0, así como destacada polo seu carácter emprendedor ou cooperativo e a súa visión estratéxica.
- **Premio Galicia Alimentación á estratexia de mercado e internacionalización.** Dirixido a galardoar o esforzo de empresas e organizacións da industria de alimentación e bebidas para acceder, desenvolver e consolidar a súa posición no mercado nacional e internacional. Valorarase a innovación na estratexia de acceso a novos mercados e internacionalización, a evolución e dinamismo e o desenvolvemento do seu plan de mercadotecnia para o posicionamento en novos nichos e a orientación ao consumidor, adaptándose ás novas tendencias de consumo.

Ademais, en caso de concorrencia de institucións e organizacións con empresas nalgunha das categorías anteriores, o xurado poderá resolver agrupalas nunha cuarta categoría extraordinaria específica á proxección do sector alimentario e bebidas. Nesta categoría poderán ter cabida as institucións e organizacións que se distingan polo seu labor en favor do apoio ás iniciativas empresariais, ao emprendemento e á innovación no sector. Así mesmo, valorarase a traxectoria e o traballo desenvolvido por institucións situadas fóra e dentro de España que se distingan polo seu labor en favor da promoción da calidade, a imaxe dos produtos alimentarios e bebidas galegas actuando así, como verdadeiros embaixadores dos alimentos de Galicia.

#### **4. ENTREGA DE PREMIOS**

A entrega dos premios efectuarase nun acto público, convocado para o efecto, ao que se dotará da transcendencia e solemnidade adecuadas, en liña coa primeira, segunda e terceira edición dos premios, e que terá lugar o 1 de xuño de 2018.

#### **5. DOTACIÓN**

Os premios consistirán nunha escultura e un diploma acreditativo. Se o galardoador na categoría de proxecto empresarial fose unha empresa de nova creación, cunha antigüidade menor a cinco anos, beneficiarase así mesmo da pertenza ao CLUSAGA durante un ano e do apoio no desenvolvemento do seu plan de empresa.

Quen recibise un galardón poderá facer mención do premio nas súas accións de promoción e de publicidade, facendo sempre referencia de forma destacada ao premio, edición e entidades convocadoras e colaboradoras do mesmo.

O Clúster Alimentario de Galicia contará coa colaboración de quen reciba os galardóns nas accións de promoción que desenvolva.

#### **6. PARTICIPANTES E OBXETO**

Poden ser recoñecidos no concurso, persoas físicas, autónomos; as micro, pequenas e grandes empresas, que teñan sede social ou centros produtivos ou que exerzan a súa actividade comercial ou transformadora en Galicia e institucións galegas ou institucións situadas fóra do territorio galego que desenvolven actividades en favor dos produtos alimentarios galegos. Os produtos deberán ter orixe ou ser transformados en Galicia ou na frota pesqueira dunha empresa galega.

Non poderán presentar proxectos aquelas persoas que teñan participación directa na organización do Concurso ou na avaliación dos proxectos. Tampouco aquelas empresas que non compartan os obxectivos do Clúster ou incumpran os requisitos do regulamento do réxime interno. Tampouco poderá optar ao premio ningunha persoa física ou xurídica que fose sancionada, con resolución de sanción grave ou moi grave, nos últimos cinco anos, que puxese fin á vía administrativa, por calquera Administración Pública.

#### **7. GRUPO AVALIADORA E XURADO**

A avaliación dos proxectos e a selección dos mesmos serán realizadas por un grupo avaliador integrado



polo equipo técnico do Clúster e un xurado designado polos organizadores.

Para facilitar o labor do xurado, o equipo técnico realizará unha preselección das propostas, mediante a valoración obxectiva das mesmas, descartando as que non cumpran os requisitos de excelencia necesarios para a súa selección polo xurado. O equipo técnico estará integrado por un número de membros non inferior a tres entre o propio persoal do CLUSAGA e expertos colaboradores externos habituais nas áreas temáticas de cada categoría.

Os Premios fallaranse por un único Xurado integrado por un número de membros non inferior a cinco, que serán designados pola xunta delegada do Clúster, a proposta da xerencia, entre persoas e entidades de recoñecido prestixio nas actividades obxecto dos respectivos premios e entre os que propoñan as institucións colaboradoras, de forma que quede garantida ao máximo a idoneidade, competencia e independencia do mesmo.

Ademais dos membros regulados no apartado anterior, poderán formar parte do Xurado as persoas premiadas na anterior convocatoria de cada un dos premios ou, no seu caso, un representante da persoa xurídica premiada. Así mesmo, integraranos un máximo de dous membros da xunta directiva do Clúster Alimentario de Galicia e a xerencia do Clúster Alimentario de Galicia.

A presidencia dos Xurados será ostentada polo presidente do CLUSAGA, que contará con voto de calidade, ou pola persoa que designe. A función de secretaría será exercida pola xerencia do CLUSAGA, que actuará con voz e sen voto.

O Xurado valorará as solicitudes e documentacións presentadas, así como as accións levadas a cabo polas e os participantes que contribúan a promover os obxectivos enunciados nas diferentes categorías. Previamente á deliberación o xurado establecerá o sistema de votación que considere máis adecuado.

O Xurado poderá, en base a uns motivos, propoñer un máximo dun galardado por cada premio ou declarar deserta a convocatoria ou algún dos premios. Con carácter excepcional o Xurado poderá propoñer un máximo de dous premios *ex aequo* para dúas propostas dun nivel de excelencia equivalente en calquera das categorías dos premios.

## 8. SELECCIÓN

O Xurado terá en conta os seguintes criterios xerais:

- A adecuación do proxecto ou produto aos obxectivos definidos no artigo 3.
- A innovación, novidade, orixinalidade do produto ou proxecto e a súa adaptación aos cambios do mercado global e ás demandas do consumidor e o seu beneficio na mellora da calidade de vida das persoas.
- A repercusión económico-social do proxecto e a súa posibilidade de crecemento e expansión.
- A calidade formal da proposta e o modelo organizativo e de financiamento empregado.

- O modelo de traballo en equipo, colaboración, redes de interconexión.
- A traxectoria dos profesionais (resultados, compromisos), o seu carácter emprendedor e a execución do proxecto, cos seus medios de difusión ou comercialización do produto.
- A promoción e integración dos diferentes elementos da cadea alimentaria na produción, transformación, distribución, utilización, coñecemento e consumo dos nosos alimentos.
- O papel a favor da promoción da calidade, a imaxe dos produtos alimentarios e bebidas galegas actuando así, como verdadeiros promotores da marca Galicia asociada á excelencia en alimentos e bebidas.

Ademais, os criterios específicos de cada categoría serán os seguintes:

- **Premio Galicia Alimentación ao produto innovador.** Poderán concorrer novos produtos caracterizados pola súa innovación, o seu potencial comercial, o seu deseño, a súa posibilidade de agregar valor aos produtos galegos e en particular á adaptación ás demandas do consumidor, con especial atención á relación entre nutrición e saúde.
- **Premio Galicia Alimentación ao proxecto empresarial.** Premiarase o proxecto innovador ou empresa de especial relevancia, destacada ou singular que se caracterice pola súa innovación en organización, produción e/ou modelo de negocio, que desenvolva produtos ou servizos innovadores no ámbito da cadea de valor dos alimentos e bebidas, incluíndo o desenvolvemento tecnolóxico cara á fábrica do futuro 4.0, así como destacada polo seu carácter emprendedor ou cooperativo e a súa visión estratéxica.
- **Premio Galicia Alimentación á estratexia de mercado e internacionalización.** Destinado a empresas e organizacións da industria de alimentación e bebidas que están a desenvolver e consolidar a súa posición no mercado nacional e internacional. Valorarase a innovación na estratexia de acceso a novos mercados e internacionalización, a evolución e dinamismo e o desenvolvemento do seu plan de mercadotecnia para o posicionamento en novos nichos e a orientación ao consumidor, adaptándose ás novas tendencias de consumo.
- **Premio Extraordinario Galicia Alimentación á proxección do sector alimentario e bebidas.** Premiarase a institucións e organizacións que se distingan polo seu labor en favor do apoio ás iniciativas empresariais, ao emprendemento e á innovación no sector. Así mesmo, a traxectoria e o traballo desenvolvido por institucións situadas fóra e dentro de España que se distingan polo seu labor en favor da promoción da calidade, a imaxe dos produtos alimentarios e bebidas galegas.

## 9. RESPONSABILIDADES E CONDICIÓNS

Unha vez preseleccionados comunicaráselles aos elixidos o seu carácter de finalista, sendo necesario para a súa participación o coñecemento e aceptación das presentes Bases e Condicións.

Calquera instancia non prevista polas presentes Bases e Condicións será resolta polos organizadores, e os participantes acatarán estas decisións en forma inapelable.



Os organizadores resérvanse o dereito de modificar os prazos das distintas etapas así como tamén calquera aspecto que ao seu criterio implique melloras organizativas no concurso e os seus procedementos.

## 10. COMUNICACIÓNS E PUBLICIDADE

O Concurso é un ámbito natural de publicidade dos proxectos. Os datos que se completen no formulario de inscrición poderán ser utilizados na campaña de difusión do Concurso.

Todas as comunicacións orixinadas na Organización do Premio para os participantes realizaranse a través da páxina oficial [www.clusteralimentariodegalicia.org](http://www.clusteralimentariodegalicia.org) e do correo electrónico [info@clusaga.org](mailto:info@clusaga.org).

## 11. ORGANIZACIÓN

As seguintes institucións que organizan, participan e/ou apoian os Premios Galicia de Alimentación Premios á Innovación e á Internacionalización.

- Institucións: Xunta de Galicia (varias Consellerías e organismos)
- Patrocinadores: varias empresas privadas (listado actualizado en [www.clusteralimentariodegalicia.org](http://www.clusteralimentariodegalicia.org))

Por outra banda, conforman os xurado Premios Galicia Alimentación representantes das institucións e organismos públicos colaboradores, patróns dos premios, representantes das universidades e centros de coñecemento galegos, representantes dos premiados en edicións anteriores, membros da xunta directiva e a xerencia do Clúster Alimentario de Galicia.

## 12. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Deberá presentarse o formulario de candidatura que se pode descargar en [www.clusteralimentariodegalicia.org](http://www.clusteralimentariodegalicia.org) ou solicitar en [info@clusaga.org](mailto:info@clusaga.org). Os formularios deberan ser asinados e achegados en documento formato pdf por correo electrónico dirixido a [info@clusaga.org](mailto:info@clusaga.org).

## 13. PLAZOS E DATAS

- Prazo de presentación de candidaturas: ata o 5 de abril de 2018.
- Convocatoria do xurado, elección dos finalistas e gañadores: maio de 2018.
- Acto de entrega: 1 de xuño de 2018.

## 14. CONFIDENCIALIDADE E TRATAMIENTO DE DATOS

O feito de participar nos Premios Galicia Alimentación supón a aceptación das presentes bases por parte do candidato. O Clúster Alimentario de Galicia resérvase o dereito de efectuar calquera cambio, aclaración ou rectificación das Bases Legais, sempre facendo públicos devanditos cambios coa mesma publicidade que se lle dea ás presentes bases.

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos

de Carácter Persoal, o Clúster Alimentario de Galicia con domicilio en Edificio FEUGA ofc. 18, Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, Campus Vida CP15705, Santiago de Compostela (A Coruña), informa que os datos dos participantes pasarán a formar parte da Base de datos do Clúster coa finalidade de posibilitar a participación nos “Premios Galicia Alimentación” de conformidade co disposto nas Bases Legais.

Asemade, os premiados autorizan a comunicación dos seus datos ás entidades colaboradoras do CLUSAGA para posibilitar a entrega do premio, así como a doutros colaboradores que puidesen formar parte da presente promoción co fin descrito.